



Curso “A intervención psicolóxica en emerxencias”

DOCENTE

Hafdallah Menni El Ouali (G-5399).

ORGANIZA

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

COORDINA

Concepción López Martín (G-2981).

DURACIÓN

8 horas.

**DATA E
HORARIO**

Sábado, 15 de novembro de 2025.
De 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas.

LUGAR

En Santiago de Compostela, por determinar.

PRAZAS

60.

PREZOS

Membros do GIPCE, Psicólogos/as Colexiados/as demandantes de emprego, estudantes de 4º curso do grao, master ou doutoramento de psicoloxía.....25,00€
Psicólogos/as Colexiados/as e profesionais de emerxencias.....50,00€
Psicólogos/as non Colexiados/as.....100,00€

Curso recoñecido pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia

Nº de expediente: SA301A 2025/44-1

Neste curso podes optar ás 4 prazas gratuítas para Colexiadas e Colexiados desempregados. Bases no seguinte enlace: https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/axudas_a_formacion_para_colexiados.pdf.



Curso “A intervención psicolóxica en emerxencias”

PROGRAMA

1. Conceptos básicos da psicoloxía de emerxencias.
2. Reaccións máis frecuentes nas persoas afectadas ante unha situación de crise.
3. O rol do/a psicólogo/a de emerxencias:
 - a. Diferenza entre terapia convencional e intervención en crise.
 - b. Funcións do/a psicólogo/a de emerxencias.
4. Exposición e análise de casos prácticos.
5. O Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE): funcionamento e criterios de ingreso.

OBXECTIVOS

- Coñecer os fundamentos e principios da intervención psicolóxica en situacións de emerxencia e crise.
- Identificar as reaccións máis frecuentes nas persoas afectadas e comprender o papel e funcionamento do/a psicólogo/a de emerxencias no marco do GIPCE.

METODOLOXÍA

O curso combinará a exposición teórica coa análise e debate de casos prácticos, fomentando a participación activa das persoas asistentes. Empregarase unha metodoloxía interactiva e aplicada, orientada á adquisición de coñecementos e habilidades básicas para a intervención psicolóxica en contextos de emerxencias.

DOCENTE

HAFDALLAH MENNI EL OUALI (G-5399).

Licenciado en Psicoloxía pola Universidade Central Marta Abreu de las Villas (Cuba), máster en Psicoloxía Xeral Sanitaria pola Universidade Internacional de Valencia, profesor colaborador na Universidade Oberta de Cataluña e investigador do departamento de personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos da Facultade de Psicoloxía de Murcia.

Forma parte de Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desde 2015. Actualmente, é terapeuta EMDR e director clínico do Instituto médico Imaya.

Na súa traxectoria profesional destaca a súa participación en distintos proxectos en materia de protección internacional, trata de seres humanos, persoas en situación de prostitución e menores tutelados e non acompañados.



Curso “A intervención psicolóxica en emerxencias”

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES02 0081 0499 6500 0227 8629 de SABADELL ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respetarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as/os integrantes do GIPCE que non realizaran este curso e as/os demais psicólogas/os colexiadas/os, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicarse por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregarse o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntarase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e informe períodos de inscrición. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Para a inscrición como profesional de emerxencias é necesario acreditación do posto de traballo

Último día de inscrición: 5 de novembro de 2025.